

PROXECTO TICs

CEIP. DE FIGUEIROA

2009-2010

INDICE

| | | |
|-----|---|----|
| 1. | INTRODUCCIÓN..... | 3 |
| 2. | ESTUDO INICIAL DO CENTRO | 4 |
| 3. | OBXECTIVOS..... | 5 |
| | 3.1. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO | 5 |
| | 3.2. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO..... | 6 |
| | 3.3. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO..... | 7 |
| | 3.4. OBXECTIVOS PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA | 7 |
| | 3.5. OBXECTIVOS A CURTO PRAZO | 8 |
| | 3.6. OBXECTIVOS A LONGO PRAZO | 9 |
| 4. | ORGANIZACIÓN E PLAN DE TRABALLO | 10 |
| | 4.1. O COORDINADOR DAS TICS | 10 |
| | 4.2. FUNCIÓNS DO COORDINADOR..... | 10 |
| | 4.3. PLAN DE TRABALLO DO COORDINADOR..... | 12 |
| 5. | ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS | 14 |
| 6. | INICIATIVAS POSTAS EN MARCHA..... | 17 |
| 7. | DISTRIBUCIÓN HORARIA..... | 18 |
| 8. | ESQUEMA EQUIPOS - UBICACIÓN..... | 18 |
| 9. | O SOFTWARE | 19 |
| 10. | FASES E TEMPORALIZACIÓN..... | 20 |
| 11. | METODOLOXÍA NO TRABALLO COAS TICS | 22 |
| 12. | OBXECT., ACTIV. E METODOLOXÍA NA E.I. | 25 |
| 13. | OBXECT., ACTIV. E METODOLOXÍA POR ÁREAS NA E.P..... | 26 |

| | | |
|-----|---|----|
| 14. | ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 37 |
| 15. | NIVEIS COMPETENCIAIS EN HABILIDADES INFORMÁTICAS..... | 38 |
| 16. | SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN | 41 |

1- INTRODUCCIÓN.

A finalidade deste Plan de Introducción das TICs., entre outras, é o de converterse nunha parte máis do PEC e do PCC e por tanto o de ser asumido polo centro como unha parte da realidade do mesmo e por iso preténdese que este documento se integre nesta realidade, na dinámica de traballo do propio centro e como continuidade do traballo que xa se viña facendo ata agora.

Sabemos que a formación dos distintos membros da nosa comunidade é moi variada, por iso pedimos que cada un se comprometa na medida das súas posibilidades e formación actuais con espírito de equipo e colaboración, aportándonos cousas uns aos outros para fortalecer as experiencias que poidamos levar a cabo e por extensión o noso propio centro.

O Ceip. de Figueiroa pretende co desenvolvemento deste proxecto, a programación dun plan de traballo moi concreto que nos posibilita cara un avance lento e progresivo o logro do obxectivo final que non é outro que o da integración das TICs. no currículo.

Partimos de que as Novas Tecnoloxías son elementos de mellora na Calidade do Ensino e que posibilitan o acceso á información tanto para o profesorado como para o alumnado.

O Centro acolle a algúns alumnos/as, que polo contexto socio-cultural no que viven teñen un acceso máis restrinxido ás TICs.

Unha estratexia para a de Atención á Diversidade, é tamén a de acercar as NN TT. a todo alumnado, para que a través delas accedan todos ás tecnoloxías da información e da comunicación, sin distinción das súas características persoais ou sociais.

Algúns criterios entorno aos que xira o noso proxecto de traballo quedan reflexados nos seguintes puntos :

- O ordenador debe ser introducido nas aulas para que os alumnos/as, desde a Educación Infantil, poidan aprender a usalo como un instrumento particularmente útil na actividade cotiá.
- O ordenador é unha ferramenta de traballo e non unha panacea, por tanto debemos de partir dun plan programado no que este instrumento se introduza na tarefa docente contemplando uns obxectivos axeitados en cada momento educativo, debidamente secuenciados e temporalizados.
- A posibilidade de interacción que ofrece o ordenador debe de ser aproveitado para estimular e satisfacer a curiosidade e afán de aprender dos alumnos/as, os que adquirirán familiaridade co instrumento e, guiados oportunamente, terán a súa disposición un medio de estudo e traballo extremadamente potente.

- As actividades desenvolvidas no centro contribuirán, por outra parte, a compensar posibles carencias e a nivelar os desaxustes que, en relación ao acceso dos alumnos/as ás TICs., teñen a súa orixe na contorna familiar, social e cultural.

Para conseguir que o presente proxecto se poida levar a cabo é imprescindible contar cuns alicerces fundamentais, sen os cales todo sería pura teoría afastada da realidade. Estes alicerces fundamentais son:

- Os Proxectos de Innovación.
- O Profesorado.
- Os Alumnos/as.
- Os Pais/Nais/Titores/as legais.
- A Consellería de Educación.
- O Concello da Estrada.
- O Persoal non Docente.

2. ESTUDIO INICIAL DO CENTRO.

O noso centro xa leva traballando moitos anos na introdución das novas tecnoloxías nos ámbitos educativo e administrativo.

Hai sete anos iniciouse a creación dunha "aula de informática".

Co paso do tempo fóronse conseguindo novos equipos a través da Consellería, ou a cargo dos orzamentos do propio centro; a Administración creou unha infraestrutura de cable para a aula de informática e en todas as dependencias máis coa inclusión dun enrutador, un switch e un rango propio de direccións IP fixas que nos daban acceso a Internet e instalouse así unha pequena rede local que ampliaba o abano de posibilidades; hai un ano creouse tamén un sitio web propio para o centro aloxado nos servidores da Consellería; tamén o centro adheríuse ao servizo Xade para a xestión administrativa e ademais ao proxecto Meiga para a xestión integral informatizada de bibliotecas escolares. Hoxe en día, e gracias ao traballo desinteresado do persoal do centro, contamos xa cunha aula de informática con 16 postos (aínda que algúns dos aparellos están xa obsoletos) e 2 servidores, con punto de acceso á rede así como equipos independentes con acceso á rede local e a Internet. Na Biblioteca do centro que está integrada no PLAMBE desde o curso 2008-2009 existen na actualidade catro ordenadores conectados á internet ademais do que é empregado polo equipo de BE para realizar a xestión. Dispoñen tamén de dous ordenadores portátiles, un proxector fixo, Dvd, Tv, vídeo e equipo de música. Nestes

últimos cursos vense establecendo un sistema de organización interno para que titores/as e especialistas poidan explotar estes recursos segundo as súas necesidades.

Todos sabemos que os avances no eido da informática son considerables a cada ano que pasa: novos sistemas operativos, novo software, novos soportes, hardware máis potente, novas posibilidades,... Polo tanto, para estar ao día neste mundo tan extenso e cambiante e poder ofrecer aos nosos alumnos/as e ó resto da comunidade educativa uns coñecementos e servizos actualizados, debemos seguir traballando día a día como ata agora e ir ampliando e mellorando, na medida das nosas posibilidades, os distintos tipos de servizos relacionados coas TICs. que o noso centro poidera ofertar.

En canto ao noso alumnado temos unha realidade moi heteroxénea composta por minorías étnicas, inmigrantes, alumnos/as do propio lugar onde se atopa ubicado o centro e todas as parroquias do entorno que están adscritas. Procurando atender a toda esta diversidade os ordenadores poden axudarnos a crear contornas amigables con actividades compartidas para favorecer o traballo en grupos e crear un clima que anime ao traballo cooperativo, polo que non estaría de máis que replantexáramos o noso estilo de traballo ou a nosa metodoloxía para impulsar este tipo de actitudes que poideran favorecer a integración de todo este maremágnum de culturas-estilos de vida para mellorar na medida do posible a convivencia de toda esta diversidade de alumnado.

3. OBXECTIVOS

3.1.OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

- Integrar o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación nas tarefas que se realizan no Centro, de modo que profesorado e alumnado as utilicen como unha ferramenta máis nos procesos de ensino-aprendizaxe e sirvan como vehículo de comunicación e acceso á información de todos os cidadáns en igualdade de condicións.
- Implicar ao profesorado na utilización das TICs. na medida das súas posibilidades.
- Favorecer a comunicación e/ou coordinación con outros centros da contorna a través de Internet ou doutros medios para o intercambio de experiencias e todo tipo de información que poidera ser útil para cada unha das partes.
- Tratar de manter actualizado e dinamizar o noso sitio web con novos contidos/funcionalidades para favorecer a comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa, Administración e con outros centros.

- Actualizar e dinamizar o espazo que a ANPA xa posúe no noso sitio web para manter ben informados ao conxunto de pais/nais/titores/as legais das actividades anuais e promover o uso das TICs. en relación ao centro.
- Potenciar o emprego do correo electrónico como medio de contacto coas familias para o que sexa preciso.
- Continuar coa introdución das TICs. en distintintas situacións relacionadas con actividades docentes como poideran ser fotografías, traballos dos alumnos/as, revista escolar, etc. dixitalizando o que sexa posible co obxecto de acadar unha óptima manipulación posterior para a súa posible inclusión no noso sitio web, exposicións dixitais, etc. De cordo con isto, seguir editando a revista escolar en formato dixital.
- Difundir entre a comunidade educativa recursos on-line de contrastada utilidade para que os poidan introducir na súa dinámica de traballo.
- Fomentar e reforzar o traballo en equipo a través da Radio Escolar

3.2 OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO.

- Proporcionar soporte técnico para a realización de programas formativos, fomentando deste modo o traballo en equipo.
- Diseñar Unidades Didácticas que incorporen o uso das NNNTT.
- Adaptar e deseñar multimedias que favorezan o aprendizaxe construtivo.
- Experimentar modelos de ensinanza alternativos á instrución directa.
- Diseñar programas adaptados á diversidade do alumnado.
- Desenvolver modelos de avaliación sobre a utilización dos medios tecnolóxicos.
- Participar en iniciativas de formación presencial ou a distancia sobre o uso das NNNTT.
- Recoñecer o novo rol do profesorado: deseñador e facilitador de contornas.

- Posibilitar o acceso á información contida na Rede: Consultar información profesional: lexislación, convocatorias, concursos...
- Compartir experiencias, ideas, información con outros profesores/as.
- Utilizar as ferramentas informáticas para o traballo cotiá e as actividades da aula: programacións, actividades, controis, fichas, etc.
- Potenciar a iniciativa e a capacidade creadora do profesorado involucrado no proxecto da Radio Escolar.

3.3.OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO.

- Potenciar o seu desenvolvemento cognitivo e aprendizaxe innovador mediante novas contornas que favorezan o desenvolvemento de habilidades, destrezas e adquisición de coñecementos.
- Impulsar el uso racional e crítico das NNTT. capacitándoos para entender e expresarse a través delas.
- Desenvolver a capacidade de acceder, organizar, tratar a información mediante os novos medios informáticos. Aprender a buscar, seleccionar e valorar información na rede, a enciclopedia máis extensa, variada e actual, e para usar esa información como recurso educativo.
- Comunicarse con escolares doutras contornas e practicar idiomas, descubrir outras culturas, contrastar ideas..., etc.
- Aprender a usar as novas ferramentas e os novos medios para comunicarse na rede.
- Usar todo tipo de materiais e software que facilite a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de todo tipo de habilidades, destrezas e coñecementos.
- Empregar os ordenadores como instrumentos de creación, integración e medios de expresión das ideas propias de cada un.
- Mellorar a capacidade de comunicación a través do emprego do código lingüístico desde distintos rexistros e ámbitos, utilizando como vehículo a Radio Escolar.

3.4. OBXECTIVOS EN RELACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA.

- Mellorar a comunicación entre o profesorado, alumnado e familias, ampliando a oferta formativa e as posibilidades que as NNTT. nos ofrecen.
- Facilitar o entendemento entre os diferentes estamentos da comunidade educativa, mellorando a comunicación, propiciando puntos de encontro, promovendo a participación en proxectos conxuntos.
- Acceder aos servizos da Rede do portal educativo da nosa comunidade.
- Modernizar e axilizar a xestión do centro.
- Axudar e facilitar ás familias para cubrir instancias ou peticións que se deben facer online, por exemplo: solicitar a participación na inmersión lingüística, pedir axudas par a adquisición dun ordenador ou solicitar prazas nos campamentos de verán.
- Aproveitar por toda a Comunidade Educativa do centro as potencialidades educativas da Radio Escolar.

3.5. OBXECTIVOS A CURTO PRAZO.

- A promoción persoal do profesorado a través da formación en novas tecnoloxías da información e a comunicación con cursos, seminarios ou proxectos de formación no propio centro, tanto presenciais como on-line dirixidos ao manexo do sistema operativo linux e os programas de código aberto.
- A xeración e recompilación de contidos por parte dos Equipos Docentes de modo que se promova o desenvolvemento curricular dende un marco ben definido que permita ao alumnado e aos profesores/as responsabilizarse e gozar de certa independencia para organizar o seu traballo.
- Iniciar a alfabetización tecnolóxica do alumnado como medio de integración social e cultural.
- Desenvolver unha metodoloxía que prepare ao alumnado para "saber" buscar, valorar, seleccionar, estruturar e aplicar a información para a elaboración do coñecemento útil co que abordar as problemáticas que se lle presentan, seguindo os pasos que se relacionan.
- Planificar as actividades con antelación. Probar os equipos.
- Diseñar actividades abertas que se axeiten aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.

- Presentar (dar a coñecer os obxectivos) e avaliar sempre as actividades.
- Procurar que o tempo da actividade en infantil non sobrepasará os 45 minutos.
- Ser consciente de que a realización de actividades co ordenador debe supoñer a eliminación de actividades tipo ficha.
- Promover o traballo cooperativo e o aprendizaxe entre todos os alumnos/as do centro.
- Realizar unha programación que contemple semanalmente o uso das novas tecnoloxías.
- Impulsar a creación de grupos de traballos no centro para tratar o ámbito das NNTT.
- Lograr que comecen a utilizar o ordenador e Internet como ferramenta imprescindible para o acceso á información e a construción do coñecemento no ámbito escolar como preparación para a nova sociedade na que comezan a ser indispensables en todos os ámbitos.
- Conseguir a identificación de toda a comunidade co importante cambio imposto polos avances técnicos e científicos que nos forzan a facer as cousas doutro modo e nos obriga a "estar a aprender" continuamente.
- Modificar a articulación do currículo configurándoo en proxectos que consideren o uso destes recursos e o aproveitamento das demais funcionalidades que achegan as novas tecnoloxías (instrumento para a busca e proceso da información, canle de comunicación, ámbito social de relación...).
- Continuar ampliando o deseño da páxina web do centro, que deberá converterse nun excelente medio de expresión e comunicación para toda a comunidade educativa: alumnos/as-Pais/Nais/Titores/as legais-Profesores/as.

3.6. OBXECTIVOS A LONGO PRAZO.

- A implementación do Proxecto a todos os niveis no Centro.

- Que a totalidade do profesorado utilice as TICs., como unha ferramenta normalizada dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, nas súas áreas de coñecemento.
- Que todo o alumnado que conclúa a súa fase de formación neste Centro, desenvolva as destrezas na utilización das TICs., como un coñecemento básico da súa formación.
- A formación permanente do profesorado nas TICs., promovendo un convenio coa "Estrada Dixital".
- Utilizar programas e contornas que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TICs.
- Poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais/pais/titores/as legais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TICs.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TICs. derivadas das desigualdades sociais.

4. ORGANIZACIÓN PARA A INTRODUCCIÓN DAS TICs.

4.1. O coordinador das tics.

Pensamos que é nesaria a figura dunha persoa que coordine e motive o traballo en relación coas TICs, cunha liberación máis ampla e suficiente de horas de traballo.

4.2. Funcións do coordinador das tics.

Segundo se recolle no documento correspondente as funcións do coordinador/a de NNNTT. concréntanse en:

- Ter ben organizado e clasificado todo o material.

- Ocuparse de arranxar calquera tipo de fallo no hardware nos equipos, substituíndo o material defectuoso por un novo para solucionar o problema e no caso de non poder ou non estar capacitado, ocuparse de contactar coa UAC ou no seu defecto con empresas externas á Administración para arranxar as cousas o antes posible.
- Servir de enlace co asesor/a das TICs. do Centro de Formación e Recursos do Profesorado.
- Servir de enlace e coordinarse con algún dos membros designado polo equipo de biblioteca ou, no seu defecto, co coordinador/a deste equipo, para asesorar ao mesmo en tarefas relacionadas coas TICs. como poideran ser o mantemento de equipos da biblioteca, copias de seguridade periódicas das bases de datos do programa de xestión, etc.
- Estar ao día de todos os avances que se produzan en relación coas TICs. (hardware, sistemas operativos, software, Administración,...) e relacionarse con outros centros para intercambiar información, experiencias, etc. co obxecto de mellorar periodicamente na medida do posible os servizos que poidera ofrecer o centro.
- Actualizar de forma periódica o software do centro buscando e instalando novos programas e/ou recursos útiles para o profesorado e informar puntualmente ao mesmo e ao equipo directivo das novas actualizacións.
- Promover a realización de actividades no centro relacionadas coas NNNT.
- Motivar ao resto dos compañeiros/as e facilitar o seu traballo orientándoos, apoiándoos e asesorándoos na medida en que se poida.
- Axudar na elaboración de todo tipo de actividades TICs. en relación con calquera grupo de alumnos/as ou outros membros da comunidade educativa (festivais, exposicións, actividades extraescolares, etc.).
- A dinamización do traballo coas TICs. nas aulas, orientando e apoiando ao profesorado e ao alumnado no desenvolvemento e posta en práctica das iniciativas relacionadas co uso e as aplicacións das TICs. no currículo.
- Poñer os medios e os recursos necesarios para contribuir á adquisición por parte do alumnado das competencias básicas, especialmente a do tratamento da información e competencia dixital.

- A implantación, desenvolvemento e mantemento da rede telemática educativa, incluído o uso e aplicación didáctica dos contidos dos portais educativos institucionais para os estudantes e o profesorado.
- O desenvolvemento da páxina Web .
- O apoio á formación do profesorado do centro relacionada co uso e aproveitamento educativo das TICs.
- A coordinación dos recursos multimedia, a organización das TICs. do centro e o seu mantemento operativo.
- A información ao profesorado sobre os contidos e recursos multimedia na rede para a acción docente, a fin de facilitar a súa integración nas áreas e materias do currículo e no servicio educativo.

4.3. Plan de traballo da coordinadora das tics.

Neste plan de traballo para o curso 2009/2010 e 2010/2011 establécense catro áreas de intervención:

- **Área de integración das TICs. no centro como institución.**

As actuacións que se prevén no curso próximo nesta área concréntanse en:

- Mantemento e actualización da páxina web del Centro.
 - Apoio no uso de programas informáticos de xestión do centro.
 - Colaboración no emprego das TICs. que favorezan o desenvolvemento de programas de innovación educativa e PFACs.
 - Realizar unha análise das necesidades do centro e dos profesores/as.
 - Informar de experiencias, convocatorias e recursos que fomenten o desenvolvemento de proxectos de integración das TICs. no Centro
- **Área de integración das TICs. no traballo con alumnos/as.**

Utilizaranse programas de intervención, dentro das aulas ou na aula de informática, nos que empreguen as TICs. como reforzo das diferentes áreas do currículo, coa

creación dunha biblioteca CLIC a que terán acceso. Organizaráanse por ciclos e nelas plantexaranse actividades relacionadas con ditos temas para os tres ciclos de E.P. e na E.P.

O obxectivo prioritario deste proxecto, programado para este bienio 2009/2011, concretarase no establecemento dun plan de integración das TICs. no currículo por ciclos, que sistematice o emprego das NNTT. como ferramenta de presentación e reforzo de contidos académicos.

Deste modo, a utilización didáctica das tecnoloxías dixitais na realización de tarefas concretase en :

- a) Apoiar a asimilación dos contidos expostos.
- b) Demandar do alumnado a realización de exercicios interactivos de baixo nivel de complexidade.
- c) Solicitar ao alumnado a búsqueda de información en Internet.
- d) Educar ao alumnado no uso ético e crítico da información obtida a través de internet.

- **Área de integración das TICs. relacionadas co profesorado.**

O profesorado é clave para que este proxecto alcance o obxectivo que nos propoñemos, decantámonos por un modelo de traballo en colaboración, no que os profesores/as/titores/as e os especialistas (inglés, música, relixión, educación física, A.L. e P.T.) dispoñan dunha hora, a lo menos quincenal, para traballar no desenvolvemento dos contidos sinalados no punto anterior.

As tarefas que se realizarán serán as seguintes:

- Selección de áreas e contidos para traballar empregando as TICs.
- Búsqueda, selección e análise de recursos.
- Formulación de metodoloxía no emprego de cada recurso.
- Avaliación da eficacia.

Esta sinxela situación de traballo seguramente posibilitará a transformación do rol do profesor/a, que necesariamente pasa polo control activo dos recursos de aprendizaxe, a participación en experiencias de aprendizaxe colaborativo e a experiencia en tarefas de resolución de problemas

- **Área de integración das TICs. en relación a las familias.**

Informarase ás familias dos avances que se produzan no desenvolvemento do proxecto, introducindo contidos relativos ao emprego das NNTT. nas reunións xerais de pais/nais/titores/as legais que se programan ao longo do curso.

5. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS.

- **Radio Escolar.**

Normas previas:

1. Un profesor/a debe de estar presente sempre cos alumnos/as durante a emisión dos programas.
2. A participación pode formularse en directo, ou a través de programas pregravados na mesma aula cunha sinxela gravadora e un micrófono ou varios se son necesarios.
3. Os Equipos de Emisión, normalmente deberán estar formados por alumnos/as cun profesor/a e un membro do Consello de Emisión, se así fose solicitado. Aquí, haberá alumnos/as que realicen o control técnico e outros/as que desenvolvan o guión radiofónico.
4. Deben ir rotándose nestes mesteres para que todos os alumnos/as coñezan o medio dende todos os seus ángulos.

Impartirase, por persoal da Emisora Municipal Radio Estrada un curso inicial teórico no que participarían todos/as os/as alumnos/as e profesores/as interesados/as.

Para establecer a programación deberá terse en conta que os programas deben responder a un motivo, a un interese e levar un mínimo guión: non esquecer que é unha Radio Escolar. Polo tanto, os programas deben ter certa calidade e estar previamente traballados e elaborados para que conserven, en todo o proceso, o seu compoñente formativo.

- **Aula de informática.**

No centro existe unha única aula e a ela acuden todos os alumnos/as do centro, sempre acompañados dalgún mestre/a. Na sala de profesores/as e na aula de informática figurará o horario de ocupación, elaborado polo coordinador/a das tics. co visto e prace do profesorado, para acudir á aula co grupo de alumnos/as.

Na aula os alumnos/as poderán usar os propios programas que ten cada titor/a, ou acceder á Biblioteca de actividades jclíc que se atopan no servidor ou a Internet baixo a supervisión do mestre/a que os leve, sempre dirixindo a súa navegación aos sitios web que nos interesen para o noso traballo.

A asistencia á aula de informática obriga a deixar todo ordenado tal e como estaba, e ao marchar asegurarse de que todos os elementos (CPUs, monitores e altavoces) estean ben apagados.

A porta da aula debe permanecer sempre pechada con chave.

Asimesmo, o mestre/a tense que facer responsable de que os alumnos/as non anden a desconfigurar os equipos nin instalar programas propios; neste sentido, se un mestre/a precisa instalar calquera tipo de software nos equipos, deberá comunicalo previamente ao coordinador/a. Por outra banda, se algún mestre/a nota calquera tipo de anomalía ou mal funcionamento dalgún dos aparellos ou do servidor, deberá comunicalo o antes posible ao coordinador/a para arranxar o problema.

- **Equipos das aulas.**

O uso que se poida facer destes equipos dependerá sempre das necesidades ou intereses de cada un dos titores/as ou especialistas, máis sempre respectando unhas normas similares ás anteriormente citadas para os aparellos da aula de informática co obxecto de que se manteñan operativos o maior tempo posible.

- **Biblioteca**

A BE do centro, en consonancia co proxecto para modernización de bibliotecas escolares elaborado o pasado ano e aprobado pola Consellería, está dotada con catro ordenadores, un reprodutor de DVDs, que o alumnado pode empregar baixo supervisión do titor/a na hora que cada grupo ten destinada na BE; con calquera mestre/a que o solicite nas horas que queda libre, na hora de recreo ou en horario extraescolar. No recreo o alumno/a solicitará o seu uso e estará supervisado polo mestre/a de garda ao igual que no horario extraescolar. Ademáis hai dous portátiles e un proxector dixital, equipo musical, video e tv.

Estes equipos estarían destinados como unha fonte máis de recursos sobre todo para uso, busca e consulta de información en Internet, comunicacións, etc. dos rapaces. De tódolos xeitos estarán a disposición de calquera membro do Claustro que precise usalos.

- **Equipos noutras dependencias do centro.**

Salvo urxencia, os aparellos do equipo directivo (dirección, secretaría e xefatura de estudos) deben usarse só polos respectivos propietarios para tarefas administrativas e

deben estar protexidos por un contrasinal que só eles deben coñecer, para así protexer a integridade dos datos confidenciais aloxados neles. O mesmo para o aparello do Departamento de Orientación.

- **Proxectores e pizarra dixital.**

Nestes momentos contamos no centro con 8 proxectores distribuídos do seguinte xeito: 4 nas aulas de 3ºB, 4ºB, 5ºB e 6ºB, 1 na aula de informática, 1 na biblioteca, 1 no Salón de usos múltiples e 1 para outras actividades.

A pizarra dixital está colocada na aula de informática.

- **Ordenadores portátiles.**

No centro existen hoxe en día 13 ordenadores portátiles, 6 donados polas editoriais e 7 de dotación da Consellería.

Poderase prestar un portátil ao mestre que así o solicite para realizar traballos fóra do centro, pero nese caso é obrigatorio pedir permiso á Dirección e especificar o tempo que o aparello vai estar fóra do colexio. No caso en que varios Mestres/as quixeran dispoñer dos portátiles e non houberse suficientes para todos, tratarían de chegar a un acordo entre eles para repartir o tempo e os recursos; en caso de non haber acordo, a Dirección decidirá en última instancia.

- **Cámara dixital e video cámara.**

O centro posúe tamén unha cámara dixital e unha videocámara. Estas cámaras deben ser controladas por un membro do equipo das TICs. quen se encargará de mantelas a punto, cargadas e coa memoria baleira lista para a súa utilización en calquera tipo de actividade que se execute no centro ou fóra do mesmo. Para iso todos membros do Claustro coñecerán á persoa responsable da cámara e en calquera caso avisarana á hora de facer uso dela, entregándoa posteriormente para que sexa o responsable quen se encargue de baleirar a cámara nun medio de almacenamento disposto para tal fin e catalogue e teña ben organizadas as fotos para facer uso delas cando sexa preciso.

Neste sentido os usuarios destes aparellos deberán ter en conta á hora de facer as fotos ou vídeos, e/ou publicalas a todos aqueles alumnos/as que non teñen permiso expreso e por escrito dos pais/nais/titores/as legais para o uso e/ou publicación da imaxe dos seus fillos/as; permiso que permanece en poder dos correspondentes titores/as e que se solicitará a principio de cada curso, polo que é imperativo consultar cos mesmos antes de executar calquera iniciativa.

Equipamentos e recursos tecnolóxicos.

A aula de informática está equipada con 16 ordenadores, todos en rede e con acceso a Internet a través de ADSL, 1 servidor e 1 portátil para o mestre/a conectado a un

proxeutor e a unha pantalla dixital. Tamén forma parte do equipamento desta aula un vídeo conectado co proxeutor, un impresora en rede, así coma un scanner. Cóntase, polo menos cun ordenador para cada dous alumnos/as.

A aula dispón dun horario para a utilización deste recurso polos distintos grupos de alumnos/as cunha ocupación parcial do horario. O software básico é libre, baseado en Linux, aínda que o sistema operativo é propietario. Empréganse programas do ámbito Clic para que os alumnos/as realicen diversas actividades didácticas relacionadas ás materias que imparten: matemáticas, linguaxe, coñecemento do medio, inglés, relixión...

Todas as aulas de clase dispoñen dun ordenador en rede con acceso a internet.

Ademáis en 4 aulas de primaria dispoñen dun proxeutor dixital.

Utilízase para apoiar as explicacións do profesor/a ou como fonte de información.

As aulas de Orientación, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe tamén dispoñen de ordenadores rede con acceso a Internet e na de orientación dunha impresora.

Así mesmo, a Biblioteca do centro está equipada con cinco ordenadores en rede con acceso a Internet e conectados a unha impresora (catro para uso de alumnos/as e un para a xestión da mesma), monitor de TV, Video, e proxeutor dixital.

Na sala de profesores/as conta con dous ordenadores, dúas impresoras e un scanner, tamén en rede e con acceso a internet.

Tanto no despacho de dirección, xefatura de estudos e secretaría, hai un ordenador en rede con acceso a Internet con cadansúa impresora.

No hall de entrada, contamos cun punto de acceso facilitado polo Programa "A Estrada Dixital" que empregan todos os membros da comunidade educativa.

No salón de usos múltiples hai un proxeutor dixital e un ordenador portátil.

No departamento da Radio Escolar figura o seguinte equipo:

- Antena Dipolo para FM de 88 a 108 Mhz.
- Transmisor excitador de 25 W.
- Mesa de mezclas (4 canles)
- 2 micrófonos.
- 2 lectores CD.
- 2 minigravadoras.
- Unha web que recolla a imaxe dunha cámara instalada no estudio e do son da mesa de mezcla e que desde un ordenador central traslada coa axuda de varios softwares o sinal a un servidor externo desde Windows.
- Dous ordenadores .
- Cableado e conectores.

6. INICIATIVAS POSTAS EN MARCHA.

- Durante este 1º curso trataremos de renovar 11 ordenadores que están absoletos.
- Solicitaremos a participación e creación dun proxecto de formación en centro, organizado pola Consellería de Educación para a realización de actividades con JCLIC e dalgún curso de formación sobre Elaboración de Actividades coa Pizarra Dixital.
- Posta en marcha do Proxecto de Innovación de Normalización Lingüística "A Radio Escolar: Radio Carola".

7. DISTRIBUCIÓN HORARIA.

Para a utilización da aula de informática confeccionarase, cada curso, un horario tendo en conta primeiro as horas das especialidades e a continuación as das diferentes titorías tanto en infantil como en primaria.

A proposta para o curso 2009/2010, é o seguinte:

| | 1ª sesión | 2ª sesión | 3ª sesión | 4ª sesión | 5ª sesión |
|----------|--------------|--------------|-------------------------|--------------|--------------|
| LUNS | | 2º A | Inf. 5B | 2º B -Inglés | 1º B-Inglés |
| MARTES | | | 2º A- Inglés Inf. 4B | | 5º A -Inglés |
| MÉRCORES | | 6º A- Inglés | 6º B-Inglés | 1º A -Inglés | |
| XOVES | 3º A -Inglés | 3ºB -Inglés | 4º A -Inglés Inf.3A | 5º B-Inglés | 4º B- Inglés |
| VENRES | | Inf.4A | Inf.5A | | Inf. 3B |

Especialistas de Inglés: Acudirán unha sesión con cada grupo unha vez ao mes, reservando sempre que coincida o final da segunda quincena de cada mes.

Montse: 1ºB, 2ºA, 2ºB, 5ºA e 5ºB.

Helena: 1ºA, 3ºA, 3ºB, 4ºA, 4ºB, 6ºA e 6ºB.

Educación Infantil: Reservarán uns días fixos ao mes, pero priorizando o horario dos profesores/as especialistas en inglés.

Carmucha: 4ºA - 3anos, 5ºA - 4anos e 6ºA - 5anos.

Loli: 4ºB - 3anos, 5ºB - 4anos e 6ºB - 5anos.

Estela/Mª Luisa (A.L.): 2ºA , no 3º trimestre do curso.

8. DISTRIBUCIÓN DOS EQUIPOS E UBICACIÓN.

A distribución de equipos con que iniciaremos o curso 2009/2010 concrétase na seguinte tabla:

| Espazos | pc | rede | impresora Rede----propia | proyector dixital | Pizarra dixital | Cámara e video |
|----------------------------------|--|------|-----------------------------|----------------------|--------------------|-------------------|
| E.I. 3, 4 e 5 años | 6 | Si | si | | | |
| 1º Ciclo E.P. | 4 2 portátiles | Si | si | | | |
| 2º Ciclo E.P. | 4 | Si | si | 2 | | |
| 3º Ciclo E.P. | 4 4 portátiles | Si | si | 2 | | |
| Dep. Orientación | 1 portátil | Si | 1 | | | |
| Aula de A.L. | 1 | Si | si | | | |
| Aula de P.T. | 1 portatil | Si | si | | | |
| Sala de profesores/as | 2 | Si | Si 2 | | | |
| Dirección | 1 portatil | Si | Si | 1 | | |
| Xefatura de Estudios | 1 | si | Si | 1 | | |
| Secretaría | 1 | si | Si | 1 | | |
| Biblioteca | 1 xestión 4 alumnado | si | 1 | 1 | | |
| Sala de NNTT. | 1 portatil 17 pc | si | 1 | 1 | 1 | |
| Depart. de inglés | 1 portatil | | | | | |
| Apoio a actividades concretas | 1 portátil | | | 1 | | 1 /1 |
| Sala de usos múltiples | 1 portatil | | | 1 | | |
| Titoría E.P. | 1 | si | | | | |
| Radio Escolar | 1 ordenador fixo, 1 portátil, 1 radio cassette, 1 monitor, 1 mesa de mezclas, 3 micros | | | | | |

9. O SOFTWARE

- **Software para mestres/as.**

En canto ao software ofimático dirixido máis ben ao traballo administrativo e traballo persoal do profesorado, contamos con algúns paquetes de Microsoft Office con licencia proporcionados pola Consellería, que inclúen procesador de textos, folia de cálculo, base de datos, presentacións,...

Actualmente a política da Consellería neste sentido está dirixida á introducción paulatina nas institucións dependentes da Administración do software libre, tanto a nivel de sistemas

operativos como de aplicación ofimáticas; fálese de Linux e de Open Office, por exemplo. Por todo isto, desde o Equipo de Novas Tecnoloxías deste centro tratarase de impulsar sempre este tipo de software que de seguro cubrirá de sobra todas as necesidades e tarefas relacionadas coa nosa profesión, actualizarse e estar sempre ao día.

- **Software para os alumnos/as.**

Neste apartado tratarase de ir tamén na liña do anterior. Hoxe en día existen milleiros de pequenas aplicacións educativas que poideran ser catalogadas como "software libre", sen máis restricións que a de non obter lucro con elas e que se poden instalar e executar legalmente nun número ilimitado de equipos. Algúns exemplos poideran ser as aplicacións Clic, Ardora, Lim, e moitas outras publicadas no MEC, Consellería e outros organismos oficiais. As vantaxes deste tipo de aplicacións son considerables: son gratuítas polo que ao centro non lle supón gasto algún; fácil e cómoda adquisición a través de Internet; poden executarse a través dunha rede local, polo que son axeitadas para instalar no servidor da Intranet; poden executarse nun número ilimitado de equipos sen restrición algunha; hai moita variedade e cubren a maioría de aspectos do currículo en todos as áreas e niveis; ...

Tamén dispoñemos dalgunhas aplicacións comerciais adquiridas a cargo dos orzamentos do centro.

Existe software comercial moi bo que en casos puntuais como poideran ser alumnos/as con NEE. por exemplo, podería vir moi ben para traballar con eles, aínda que fora de forma individual e nun só equipo como nas aulas de P.T., A.L., algunha titoría, ... Nestos casos consideraríase a adquisición deste tipo de materiais como dotación de aula.

10. FASES E TEMPORALIZACIÓN.

Propoñémonos a integración das novas tecnoloxías en tres fases que son as que seguen:

- Primeira fase: 1º Trimestre de 2009/2010.
- Segunda fase: 2º e 3º Trimestre de 2009/2010.
- Terceira fase: Curso escolar 2010/2011.

| ACTIVIDADES DA PRIMEIRA FASE | |
|---|---|
| Profesorado | Alumnado |
| <ul style="list-style-type: none"> - Adaptación ao sistema operativo linux. - Búsqueda de software para a alfabetización dixital. | <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento básico da organización dos equipos (Administración de arquivos, carpetas...) - Utilización asistemática de software educativo. |

| | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Xestión básica dos equipos (instalación procesador de texto, antivirus, navegador, correo...). - Establecer as bases do novo deseño curricular. - Formación intensiva no uso de programas de código aberto. - Formación e implantación do equipamento necesario para poder emitir a través da Frecuencia Modulada e Internet. | |
|--|--|

| ACTIVIDADES DA SEGUNDA FASE | |
|--|--|
| Profesorado | Alumnado |
| <ul style="list-style-type: none"> - Búsqueda, adquisición e inventariado de recursos multimedia. - Definir as modificacións do currículo. - Formación en navegación, búsqueda e selección da información, procesador de textos, elaboración de presentacións, páxinas web, etc.. - Inicio das emisións da Radio en fase de proba. | <ul style="list-style-type: none"> - Utilización regularizada de software educativo. - Búsqueda de información almacenada en soportes informáticos . - Manexo de Internet e as súas posibilidades de búsqueda de información e uso do correo electrónico. |

| ACTIVIDADES DA TERCEIRA FASE | |
|--|---|
| Profesorado | Alumnado |
| <p>- Búsqueda, adquisición e inventariado de recursos multimedia.</p> <p>- Utilización dos materiais multimedia para o desenvolvemento pleno do currículo.</p> <p>- Formación en navegación, búsqueda e selección da información, procesador de textos, elaboración de presentacións, páxinas web, etc.</p> <p>- Formación sobre ferramentas para o desenvolvemento e creación de materiais multimedia (tipo Clic, Authorware, Director, Scala...) para linux.</p> <p>-Elaboración de materiais con Jclic e Pizarra Dixital.</p> <p>- Comenzar as emisións de acordo coa programación aprobada polo Consello da Emisora. Comenzando por emitir tres días por semana (luns, mércores e venres) en horario de 20:00 a 21:00 horas.</p> | <p>- Utilización regularizada de software educativo.</p> <p>- Organización de información e elaboración de webs e outros recursos multimedia.</p> <p>- Manexo de Internet e as súas posibilidades de búsqueda de información e uso do correo electrónico.</p> |

11. METODOLOXÍA NO TRABALLO COAS TICS.

Traballar cun ordenador supón sempre unha planificación previa, por iso cada mestre deberá elaborar unha programación propia que se axuste ás necesidades reais da súa aula.

Aspectos xerais.

- Concreción de aspectos xerais entre todo o equipo a ter en conta para traballar co ordenador.
- Establecemento dunhas normas básicas sobre procedementos, orde, mantemento e coidado dos materiais informáticos.

- Para os máis pequenos sería convinte aplicar unhas pequenas pegatinas de cores ás principais teclas do teclado como poideran ser as de "Intro", "Barra espaciadora" ou "Retrosceso" para que vaian identificando máis facilmente a tecla coa acción que executa, polo que en vez de dicirlles que preman "Intro" dirémoslles que pulsen a tecla verde, por exemplo, para que a localicen máis facilmente e a vaian asociando coa súa acción.

En función do traballo e o tipo de actividade que se realice cos alumnos/as, teremos que delimitar, en cada momento, o número de alumnos/as que van a utilizar cada ordenador aínda que pensamos que o número ideal é de dúas persoas por equipo en base a varias razóns:

- Cooperación no traballo: un traballa, o outro axuda, revisa, etc.
- Integración: o alumno/a máis apto xunto a outro máis lento ou menos hábil.
- Buscar a participación: sempre faise algo, traballase, axúdase, etc.
- Si o número é maior pode provocar distraccións.
- Si o uso é individual evita compartir descubrimentos, problemas, buscar solucións, etc.; é menos motivador.

Por todo iso, sempre que sexa posible, tendo en conta as características de noso centro trataremos de usar un equipo informático por alumno/a ou por cada dous alumnos/as.

A continuación sinalamos como criterios metodolóxicos xerais os seguintes:

- Antes de iniciar calquera actividade con alumnos/as, o mestre/a debe coñecer o funcionamento da aula: conexións dos ordenadores, utilización da rede e dos recursos compartidos, etc. En resume, coñecer o material hardware con que se vai traballar.
- Unha vez concluída a sesión, o mestre/a encargado do grupo é o responsable de que se apaguen todos os equipos e de que a sala quede recollida e ordenada de forma que estea dispoñible para o seu uso por outro novo grupo.
- En canto á autonomía no emprego do ordenador por parte dos alumnos/as, así como o uso dos programas en cada momento, queda a decisión do mestre/a que utiliza a aula.

Por outra parte é necesario ter en conta tres momentos cando desenvolvemento cos alumnos/as actividades no ordenador

Antes de ir á aula de informática.

- Integrar o traballo na aula de informática dentro da programación do curso e dos contidos a traballar nela.
- O mestre/a debe mirar ben os programas a fondo e que contidos traballan (anotando o que considere necesario).
- Enmarcar o traballo informático dentro dunha actividade máis ampla: actividades previas, actividades na aula de informática e actividades posteriores.
- Prever o número de sesións e como se van organizar: tempos, número de alumnos/as por equipo, ubicación dos alumnos/as, etc.

Na aula de informática.

- Presencia directa do profesor/a: será maior canto máis pequenos sexan os alumnos/as; a clase será máis dirixida e controlada con alumnos/as de menor idade para ir dando, pouco a pouco, maior autonomía.
- Nas primeiras sesións, facer fincapié nas seguintes accións básicas: como acender e apagar o ordenador, posición correcta dos discos, teclear correctamente, uso do rato, etc.
- Deixar sempre o máis claro posible o que pretendemos coa actividade: explicación inicial e traballo posterior ou pequenas explicacións antes de empezar calquer tarefa nova.
- Acostumar aos alumnos/as, desde o principio, a respectar o material e a recoller e ordear o aula ao finalizar.

O finalizar a sesión.

- Realizar algunha anotación: constatando aspectos interesantes, modificacións para o curso próximo ou para a próxima sesión, problemas xurdidos, comentarios, etc.
- Recoller o aula e desconectar os equipos, deixando todo preparado para o inicio dunha nueva sesión.
- Avaliar as actividades realizadas.
- Notificar ao coordinador/a de NNTT. as posibles incidencias que xurdiran en canto ao

hardware e software para que sexan subsanadas.

12. OBXECTIVOS, ACTIVIDADES E METODOLOXÍA NA EDUCACIÓN INFANTIL.

Obxectivos:

1. Utilizar o ordenador como reforzo do desenvolvemento de habilidades visomotoras, óculo-manuais, actividades non discriminatorias e iniciación ao trazo da grafía.
2. Potenciar a atención, concentración, orientación espacial e temporal e a memoria visual.
3. Traballar de forma sinxela con algúns programas: Software de editoriais...
4. Aprender, aclarar ou reforzar un contido de aprendizaxe.

Actividades:

1. Familiarización cos elementos do equipo que o alumno/a vai manexar: rato, teclado, botón de encendido e apagado...
2. Funcionamento e normas básicas do manexo.
3. Aplicación de programas educativos específicos.
4. Visita de algunhas páxinas web de interese.
5. Interese e actitude positiva cara o traballo co ordenador.

Metodoloxía:

- Lugar de emprego do ordenador:
 - Recuncho do ordenador, aula de informática, biblioteca e outros.
- Organización dos alumnos/as:

- Todos á vez, en dous grupos, rotativamente (recunchos),
Individualmente, por parellas..., etc
- Nivel de iniciativa do alumno/a:
 - Utilización dirixida ou libre.
- Momento de utilización:
 - Na hora dos recunchos, cando se traballa nunha área concreta, en horas de reforzo, en horario de xogo, na hora de informática.

13. OBXECTIVOS, ACTIVIDADES E METODOLOXÍA POR ÁREAS NA EDUCACIÓN PRIMARIA.

ÁREA LINGUA

Obxectivos

- Motivar a aprendizaxe da lecto-escritura utilizando os recursos informáticos.
- Ler contos.
- Desenvolver, potenciar e afianzar o bo uso ortográfico a través da creación de contos, historias e textos con software adaptado á idade dos alumnos/as.
- Recoñecer morfoloxicamente as principais clases de palabras.
- Desenvolver o gusto pola lectura e a escritura utilizando aplicacións informáticas.
- Producir textos escritos de tipo narrativo, descritivo, informativo...
- Utilizar o recurso de Internet como unha inmensa base de datos para buscar información e como medio de comunicación.

Actividades

- a) Actividades para a expresión:

- Emprego do procesador de texto, o editor de páxinas web e o editor de presentacións como medios de expresión escrita e audiovisual para que os alumnos/as elaboren os seus traballos.
- Organización da información elaborada mediante o emprego de hipervínculos e textos conectados entre si por nexos formando diferentes itinerarios para o usuario (hipertextos).
- Redacción de traballos en grupo ou contos de autoría múltiple.
- Realización de traballos, preferentemente en grupo, como poden ser a realización dun xornal ou revista dixital, en soporte impreso, ou a construción dunha web temática.

b) Actividades para a corrección oral ou escrita:

- Uso do corrector ortográfico como medio para a autocorrección e para a mellora da presentación das producións.
- Utilización de dicionarios dixitais léxicos, de sinónimos, antónimos.

b) Actividades para a comunicación interpersonal:

- Dirixidas a facilitar a axuda mutua, a comunicación entre alumnos/as, o intercambio de experiencias, a realización de exercicios de comunicación; utilizando os recursos que proporciona Internet (foros, e-mail....).

c) Actividades para buscar información:

- Mediante o uso de enciclopedias multimedia e on-line, monográficos en soporte CD, páxinas web de Internet pódese acceder a unha grande cantidade de información sobre temáticas de interese para a área (vida e obra de escritores, textos de antoloxías literarias, conceptos gramaticais, etc...).
- Acceso ás noticias de actualidade mediante o uso da prensa dixital, canles temáticas e a radio por Internet.

d) Actividades para traballar a gramática:

- Realización de actividades e exercicios con programas interactivos de exercicios sobre distintas cuestións da área: análises morfolóxicas, sintácticas, cuestionarios de preguntas.
- e) Actividades de lectura:
- A través de programas interactivos podemos exercitar a comprensión lectora seguindo distintas rutas, resolvendo preguntas, elixindo respostas... Permítenos tamén a realización de sinxelos comentarios do texto, exercitar o resumo, o esquema, etc.
 - Podemos acceder a textos cunhas determinadas características mediante buscas en Internet, sen ter que desprazarse á biblioteca. Tamén podemos utilizar os libros virtuais, bibliotecas multimedia.
 - Resulta ser un bo instrumento para a autoavaliación da velocidade lectora. Programas para mellorar a competencia lectora: vlocidade, precisión e ton.

Metodoloxía

Nunha primeira fase comezaremos co uso do procesador de texto, uso de corrector, dicionarios dixitais e programas para traballar os conceptos gramaticais e a lectura comprensiva.

A integración será progresiva ata a utilización de todas as actividades expresadas no programa que antecede.

ÁREA MATEMÁTICA:

Obxectivos

- Asociar números e cantidades.
- Discriminar por formas xeométricas, tamaños, series e numeración.
- Resolver problemas matemáticos e operacións adaptadas á idade dos alumnos/as utilizando o ordenador.
- Ler, escribir e recoñecer situacións de suma, resta, multiplicación e división.
- Utilizar os números naturais, a súa composición e descomposición, a súa lectura e a súa escritura.

- Utilizar as unidades de medida (lonxitude, capacidade, masa e tempo) mediante problemas e xogos de ordenador.
- Recoñecer diferentes estratexias para resolver problemas matemáticos do seu mundo habitual utilizando recursos informáticos.

Actividades

Entre as posibles aplicacións que proxectamos das tecnoloxías da información na área de matemáticas destacan as seguintes:

- Utilización de programas informáticos como ferramenta para o desenvolvemento do cálculo mental, a numeración, táboas de multiplicar, seriacións, clasificacións, secuencias, relacións, pertenzas...
- Como instrumento didáctico interactivo para a consecución de destrezas no estudio do tempo, relacións lóxicas, algoritmos das operacións. Estes instrumentos permiten que cada alumno/a realice as actividades que máis se adapten á súa competencia curricular.
- Como instrumento metodolóxico para a resolución de problemas posto que orientan a fase de resolución, permiten a elección de distintos camiños e axudan á construción de conceptos e as relacións entre eles.
- Para o desenvolvemento do currículo matemático a través do xogo. A matemática recreativa (crebacabezas, adiviñas, xogos de enxeño, problemas orixinais) permiten realizar conexións entre os aspectos culturais e matemáticos á vez que o acceso ao coñecemento a través do entretemento.
- Como utilidade para a construción de figuras xeométricas usando algún asistente de xeometría como por exemplo Cabriweb: triángulos, cuadriláteros, polígonos regulares, circunferencias, rectas, bisectrices de ángulos, etc.
- Para crear actividades de aula en formato web utilizando recursos xa elaborados e dispoñibles en Internet como os Applet do proxecto Descartes.
- Como instrumentos para a avaliación. O ordenador e a calculadora permiten ao alumno/a realizar cálculos, estimacións, resolver operacións, realizar conxecturas e presentar conclusións polo que adquiren un grande valor como instrumento de

autoavaliación, axudando ao alumn/a a comprender cal é o seu propio ritmo de aprendizaxe.

Metodoloxía

A integración nesta área realizarase de modo gradual e progresiva na medida en que se dispoña dos programas adecuados e as destrezas para a súa utilización.

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA -INGLÉS

Obxectivos:

- Favorecer o traballo autónomo do alumnado proporcionándolle recursos en distintos soportes e medios.
- Acceder a exercicios, vídeos, audicións e información online para a realización de distintas actividades.
- Empregar CD-ROMs específicos para a aprendizaxe da Lingua Inglesa.
- Empregar o dicionario para coñecer e ampliar vocabulario.
- Empregar diversos programas de software libre (destinados á gravación de audio, montaxe de pequenas películas, power points) para facilitar a aprendizaxe do idioma estranxeiro.
- Seleccionar páxinas webs destinadas ao aprendizaxe autónomo do Inglés nas distintas etapas e dalas a coñecer aos pais e nais e ao alumnado do centro.
- Reforzar aspectos importantes da lingua e cultura inglesas utilizando software adaptado á idade dos nenos/as.

Actividades:

- Buscar informacións puntuais en internet tales como: o tempo que vai en Londres, monumentos dunha cidade, etc.
- Facer preguntas ou dar respostas sobre imáxenes ou situacións visionadas a través da pantalla.
- Visualización e audición de contos e cancións con distintas finalidades. Asistir ao pase dunha película en versión orixinal, adecuada á idade do alumnado.
- Actividades de escritura tales como enlazar imaxes e palabras, completar e ordear frases, escoller o texto adecuado, etc.
- Gravar en audio e/ou vídeo producións do alumnado que despois serán avaliadas por eles mesmos.
- Consolidar os contidos traballados a través de xogos en grupo tales como "o aforcado", puzzles, memorias, etc; empregando como recurso o encerado dixital.

- Publicación de traballos realizados polo alumnado empregando programas de edición dixital: movie maker, power point, etc
- Utilización dun dicionario on-line para acceder ao significado dunha palabra descoñecida, á súa pronuncia e tradución.

Metodoloxía:

En canto á metodoloxía prestaremos atención ao momento de introducir no traballo diario, pasando por tres momentos que coinciden coas etapas educativas:

- En Ed. Infantil as novas tecnoloxías servirán de soporte para achegar ao alumnado os contidos de maneira máis motivadora e real. Serán empregados polo mestre/a e consistirán no visionado de situacións, audición de cancións, xogos dirixidos e individuais, etc
- No primeiro e segundo ciclo de Ed. Primaria teremos unha sesión mensual na aula de Informática que aproveitaremos para o traballo con CD-ROMs de actividades específicas, introdución e manexo do encerado dixital para xogos en gran grupo, visionado de películas ou visita de páxinas web seleccionadas anteriormente. Na aula empregaremos o ordenador para consultas específicas ou traballo individual con algún neno/a.
- No terceiro ciclo as TICs formarán parte do traballo habitual da clase e mesmo se editarán traballos en programas informáticos para o seu uso. Tamén dispoñemos dun portátil que empregamos para reforzar contidos e achegar materiais auditivos ao alumnado con necesidades específicas.

O uso das TICs na aprendizaxe da lingua estranxeira terá relación con

- Fomentar o traballo autónomo e activo no que o alumnado pode aprender por si mesmo usando as ferramentas axeitadas.
- Necesidade de investigar, buscar respostas a pequenas propostas e expoñelas diante dos demais.
- Traballo colaborativo en grupo ou en parellas.
- Actividades activas nas que hai que aprender facendo e motivadoras polas posibilidades que lles ofrecen as TICs.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

Obxectivos:

- Realizar actividades e xogos relacionados co contido da área utilizando software adaptado á idade dos alumnos/as.
- Buscar información en Internet para facer traballos e actividades ao longo do curso.

Actividades:

- Búsqueda de información complementaria en internet, uso do correo electrónico, outros programas.
- Elaboración e presentación dos traballos en formato web, soporte informático ou soporte impreso.

Metodoloxía:

Antes de iniciar as actividades informaremos aos alumnos/as sobre os obxectivos que se pretenden alcanzar.

- Farase unha proposta de mapa conceptual no que gráficamente representaremos as relacións significativas entre os conceptos á vez que realizamos unha proposta de organización dos coñecementos con respecto ao tema abordado. O mapa conceptual estará contido na web temática.
- Elaborarase unha "guía" para o desenvolvemento de cada proxecto no que se orientará sobre as aprendizaxes e conterá suxestión de fontes alternativas de información.
- Actuaremos no proceso resolvendo dúbidas, orientando sobre a guía e sobre a metodoloxía máis adecuada.
- Experimentación en torno a novas utilidades dos materiais didácticos audiovisuais e multimedia deseñados e elaborados polos profesores/as ou baixados da rede.

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (Música e Plástica)**Obxectivos (Música)**

- Valorar a importancia que o son e a música teñen dentro da linguaxe multimedia.
- Comprender os principais conceptos e procesos que entran en xogo ao traballar co son e a música desde o ordenador.
- Comprender as funcións básicas dos programas informáticos traballados no curso.
- Usar unha aplicación para grabar distintos sons e ver graficamente as ondas sonoras que producen coa intención de comprender as cualidades do son.
- Valorar a posibilidade de aprender a ler e a escribir música con xogos musicais interactivos e webquest musicais.
- Desenvolver unha actitude crítica coas grabacións propias.

Actividades (Música)

- Audición de diferentes tímbricas e a súa representación sonora nos distintos programas informáticos.
- Comprensión da función e o significado da música en diferentes contextos visualizando vídeos ou simuladores que nos reproduzan non só a paisaxe sonora senón tamén o ambiente, a moda, os costumes tanto sociais como musicais das diferentes propostas.
- Traballo dunha correcta dicción mediante grabacións de cancións e trabalinguas.
- Desenvolvemento das capacidades expresivas do alumnado indagando nas posibilidades comunicativas e creativas dos dispositivos electrónicos (instrumentos electrónicos o electrófonos, de software musical, de aplicacións para a produción audiovisual, etc.

Metodoloxía

Na educación musical, a metodoloxía xira arredor da práctica musical; unha metodoloxía activa e participativa na que o alumno/a é o protagonista da súa propia aprendizaxe.

Ademais, basarémonos no xogo en consonancia coas características evolutivas dos/as alumnos/as , sobre todo na etapa de infantil, xa que o xogo, é a maneira de aprender e coñecer o mundo que lles rodea.

A través desa integración das TICs na aprendizaxe musical, traballaremos unha metodoloxía de carácter lúdico en especial para estes primeiros cursos de escolaridade.

As TICs fan posible a participación activa dos nenos/as na construción dos seus coñecementos, considerando sempre ao neno/a un ser activo que realiza as súas aprendizaxes a través dos sentidos e da manipulación.

Obxectivos (Plástica)

- Apreciar as diferentes manifestacións artísticas a través da rede.
- Empregar ferramentas de deseño de gráficos.

Actividades (Plástica)

- Aplicacións da cor (Dende colorear un debuxo nos niveis básicos).
- As figuras xeométricas, trazado destas e composicións con elas, incluídas a tridimensionalidade.

- A simetría.
- Inserir textos a imaxes.
- Fabricación de colaxe e crebacabezas.
- Realización de gráficos nos niveis superiores.
- Explicacións sobre a realización de manualidades visualizando no ordenador a montaxe dos elementos.
- Explicacións de técnicas de debuxo tanto artístico como liñeal.
- Animación de debuxos con efectos especiais (pequenos movementos e sons) utilizando as ferramentas do sistema.
- Visualizar na pantalla o que deben debuxar en lugar de utilizar unha lámina impresa. Isto permitiríanos unha variedade maior das mesmas e apropiadas ao tema que se trate no resto das materias (interdisciplinabilidade e globalización).
- Montaxe de murais que logo se farán a maior escala segundo as necesidades da aula, centro, etc.

Metodoloxía

A proposta de traballo intentará abordar, desde o principio diferentes linguaxes visuais.

Analizaranse modelos de orixe natural investigando espazo, luz, textura e cor. Ditos modelos servirán como exemplos para iniciar unha búsqueda informática que continuará utilizando recursos sinxelos, programados de deseño.

Tratarase de xerar imaxes.

A relación das Artes Plásticas e as Tics contribuirán a:

- Promoción e difusión da arte a través da rede.
- Descubremento de novas linguaxes para o arte.

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Obxectivos:

A área de Educación Física posúe moitas peculiaridades que a fan distinta ao resto de áreas da etapa de Primaria. Ao centrarse na educación dende o seu aspecto motor, a implicación na utilización de tecnoloxías na aula debe ser moito menor.

No noso afán por desenvolver o proxecto non pode caer no erro de recortar as necesidades de movemento que se demanda dende o alumnado nas nosas sesións.

Ao longo do próximo curso, preténdese continuar coa preponderancia dos contidos actitudinais e procedimentais do currículo, ao igual que acontece no actual proxecto curricular do noso centro. É por iso que o tratamento da información requirido para desenvolver os contidos conceptuais das diferentes unidades didácticas será, como se dixo, menor que no resto das áreas.

Non obstante, non se debe desaproveitar a oportunidade que brindan as novas tecnoloxías para que poidan ser utilizadas durante o curto espazo de tempo que o alumnado permanece na aula, así como para achegar o uso das tecnoloxías ao propio patio do centro. Tamén se pode considerar a eficiencia que estes recursos poden supoñer para a xestión do traballo do profesor.

Posibles actuacións dende a Educación Física:

Antes de coñecer o software concreto existente neste novo ámbito e antes tamén de coñecer a facilidade de manexo dos devanditos programas, podemos aventurar diferentes aplicacións para o traballo na área de Educación Física.

1. Utilización por parte do profesor/a.
 - Elaboración de material didáctico interactivo de consulta para os alumnos/as así como fichas e exercicios para resolver.
 - Elaboración de materiais didácticos de apoio á propia sesión: tarxetas, carteis, planos ou mapas, debuxos, ficha de actividades da sesión, etc.
 - Creación dunha base de datos coas características físicas e médicas do alumnado.
 - Busca de unidades didácticas elaboradas, propostas de clase, xogos e actividades para aplicar nas sesións.
 - Recompilación e xestión dos datos obtidos a través de follas de rexistro.
 - Para iso poderíase utilizar un Asistente Persoal Dixital (PDA).
 - Fomento da comunicación cos alumn/as a través do correo electrónico.
 - Interconexión de diferentes recursos de tipo dixital: ordenador persoal, cámaras dixitais, PDA, pulsómetro, etc.
 - Desenvolvemento da formación docente a través da lectura de artigos de revistas dixitais e a comunicación con docentes doutros centros.
2. Utilización por parte do alumnado.
 - Implicación do alumnado na súa propia avaliación a través da cumprimentación de cuestionarios de autoavaliación e de avaliación do profesorado.
 - Realización de exercicios interactivos para afianzar contidos desenvolvidos en clase.

- Busca de información na rede para desenvolver os contidos conceptuais: recompilación de xogos populares, normas de uso da bicicleta e normas de seguridade vial, coñecemento de ámbitos naturais a visitar en próximas saídas,...
- Consulta de noticias deportivas e de declaracións de persoas vinculadas ao deporte, a través da prensa dixital para ser debatidas en clase.
- Coñecemento máis próximo dos diferentes eventos deportivos provinciais, locais e escolares.
- Fomento da comunicación cos alumnos/as a través do correo electrónico, así como tamén coa Concellería de Deportes do Concello e outras institucións vinculadas á actividade físico-deportiva.

Metodoloxía

Nunha primeira fase, mentres se desenvolve polos titores/as a alfabetización informática o uso do ordenador limitarase, en canto ao alumnado, a cumprir a autoavaliación e á realización de pequenas actividades.

Posteriormente, e a medida que os alumnos e alumnas consigan formarse no manexo informático preténdese chegar ata un 10 -15% do desenvolvemento da materia.

ÁREA DE RELIXIÓN

Obxectivos:

- Coñecer e relacionar acontecementos e textos relacionados coa fe católica (Síntese da mensaxe cristiá, actitudes cristiás, grandes interrogantes do ser humano, ciclo litúrxico).
- Manexar programas para o coñecemento e utilización do Antigo e Novo Testamento.
- Coñecer os principais modelos de vida cristiá da antigüidade e actualidade, así como a acción evanxelizadora, caritativa, cultural e social das comunidades eclesiais.
- Acceder a algunhas expresións artísticas do cristianismo e proceder á elaboración propia do alumnado.

- Observar e analizar usos e costumes cristiáns nas distintas partes do mundo e dentro do seu ámbito social e familiar.
- Tomar conciencia de que a fe cristiá pode facilitar a relación cun mesmo, cos demais e a contorna a través da Internet e o correo electrónico.

Actividades:

Promoveranse actividades relacionadas coa busca de contidos, confrontando diversas informacións, síntese, ampliación e reforzo pedagóxico e indagación no medio social para construír unha sólida argumentación relixiosa que contribúa ao desenvolvemento dos bloques de contido da área.

Metoloxía:

Nunha primeira fase levarase á a cabo un período de alfabetización dixital para que o achegamento do alumnado ao ordenador sexa efectivo e enriquecedor para o seu propio crecemento integral como persoa.

Na área específica de Relixión Católica preténdese continuar durante o primeiro trimestre do curso 2009-2010 co proceso de introdución das TICs no desenvolvemento do proxecto curricular de área, aínda que inicialmente, de forma puntual e relacionada coa expresión e comunicación das elaboracións propias do alumnado e a sistematización de contidos.

14. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Será un obxectivo prioritario o de identificar as tics. como recurso para a atención da diversidade.

Manternos expectantes ou tomar as rendas dos emerxentes procesos de cambio que nos poden axudar a construír un mundo sen barreiras, un mundo mellor, é unha elección a realizar de forma particular por cada un de nós.

No ámbito educativo as TICs poden supoñer unha importantísima axuda como medio de acceder ao currículo, como favorecedor das aprendizaxes escolares, como un reforzador didáctico, un medio de individualizar a enseñanza, unha ferramenta fundamental de traballo para o docente.

Pero ademais dos aspectos mencionados, para as persoas con necesidades especiais as TICs poden ser un elemento decisivo para normalizar as súas condicións de vida; nalgúns casos unha das poucas opcións para poder acceder a un currículo que doutra maneira quedaría vedado; un medio para ser rescatados dun mundo de silencio, donde a ausencia dun

código entendible para a maioría condiciónaos a ser comunicadores pasivos, quedando moi mermadas as posibilidades de poder expresarnos todo o seu rico mundo interior; un camiño hacia a inclusión. Igualmente cando unha axuda técnica posibilita o acceso á Comunicación dun alumno/a non oral, as posibilidades de atopar opcións integradoras, (escolarizacións combinadas, integración en centro ordinario...) aumentan de forma considerable.

Atención á diversidade: segundo o célebre escritor de artigos sobre Matemáticas e pasatempos matemáticos Martin Gardner, a atención á diversidade ten que ver coa complexidade da intelixencia humana e coa diversidade de intelixencias do ser humano. Todos nos encontramos nas aulas con que esta diversidade se reflexa en diferentes ritmos de aprendizaxe, distintos grados de madurez e disparidade de niveis competenciais. ¿Como poden as ferramentas TICs axudar na Atención á diversidade? Ao usar as ferramentas tradicionais para cumprir co requisito de atender á diversidade, encontramos co handicap de que son necesarias multitude de actividades que se adecúen aos ritmos de traballo e coñecementos previos do alumnado. Pero... ¿e si plantexamos actividades tan abertas, enriquecedoras e diversas que sexan capaces de estimular e conectar coa variedade de intelixencias do noso alumnado?

Deste xeito evitaríamos a disparidade de actividades simultáneas na aula, que si a ratio é elevada impide xestionar axeitadamente o seu desenvolvemento e estaríamos cumprindo co requisito de atender a todo o alumnado traballando sobre uns obxectivos comúns, pero respectando os seus ritmos de aprendizaxe, prestando atención ao desenvolvemento cognitivo e persoal propio de cada alumno/a. Isto é o que se pode conseguir facendo bo uso das ferramentas TICs. O único que temos que facer é ter claras estas premisas á hora de plantexalas, facendo unhas preguntas claras, con distintas posibilidades de concreción nas respostas e deixando as portas abertas a aquelas respostas que supoñan unha atención ao desenvolvemento, de tal forma que o paso do coñecido ao descoñecido sexa factible para cada un dos nosos alumnos/as.

15. NIVEIS COMPETENCIAIS EN HABILIDADES INFORMÁTICAS.

As habilidades que vaian adquirindo os nosos alumnos/as deben ser a consecuencia natural do traballo cos mesmos semana a semana ou mes a mes, e non o obxectivo inmediato a perseguir. Aínda así, haberá que facer un seguimento destas habilidades para corrixilas ou melloralas, se é o caso, e que os alumnos/as poidan sacar o máximo rendemento do seu traballo de cara ao futuro.

Como sabemos, cada alumno/a é un mundo e a súa actividade e nivel de adquisición de competencias será distinta.

En cada un dos niveis exprésanse algunhas das competencias posibles, unha vez se consideren acadadas as dos niveis previos.

Educación Infantil.

- Forma correcta e cómoda de usar o rato, control do seu movemento, diferencias entre as accións de pulsar o botón dereito ou esquerdo, picado e arrastre do punteiro, e dobre clic para executar programas.
- No teclado, uso das catro teclas do cursor para moverse dentro dos programas, e uso doutras teclas fundamentais como a de "Intro", "Retroseso" ou "Barra espaciadora" para executar certas accións dentro dos programas.
- Acender e apagar os equipos (CPU, monitor e altofalantes) correctamente.

Primeiro Ciclo de Primaria.

- Localización das letras no teclado.
- Escritura de palabras sinxelas co teclado para superar actividades nalgúns programas.
- Uso das teclas "Maiúsculas (frecha arriba)" e "Bloq maiús" para obtelas letras maiúsculas de xeito esporádico ou permanente respectivamente.
- Aprender a buscar aplicacións a través do menú "Inicio -> Programas".
- Seleccionar certas iconas do escritorio para executar programas.
- Familiarización co uso de internet e o seu aproveitamento: visitar páxinas de interese.

Segundo Ciclo de Primaria.

- Usar o botón dereito do rato para acceder ao menú emerxente de propiedades das iconas.
- Progreso na localización das letras no teclado e, como consecuencia, aumento na velocidade de escritura.
- Inicio na localización e uso dos caracteres do teclado numérico e outros símbolos básicos do teclado como poden ser as interrogacións, o punto, a coma, etc.
- Uso dun procesador de textos sinxelo coma o Wordpad ou o Bloc de Notas, seleccionando distintos tipos de fontes e tamaños.

- Uso dun programa sinxelo de debuxo coma o "Paint"; trazado de liñas ao chou, recheo con cores e pouco máis.
- Inicio da navegación por Internet en páxinas propostas polo mestre/a; clicar en hiperenlaces, uso dos botóns "frecha adiante", "frecha atrás", "home", "deter" e "actualizar" do navegador, gardar páxinas de interese en favoritos e acceder a páxinas gardadas...
- Saber manexarse con programas educativos de todo tipo.
- Ir aumentando progresivamente o vocabulario con relación ás TICs.
- Familiarización co uso de internet e o seu aproveitamento: navegar por internet utilizando os botóns do explorador (adiante, atrás, inicio).
- Valoración das TICs. como ferramenta útil de comunicación e información.

Terceiro Ciclo de Primaria.

- Uso das teclas de función do teclado, (por exemplo F1=axuda).
- Inicio no uso da tecla "AltGr" para obter os caracteres da parte inferior dereita dalgúns teclas como poden ser a arroba, o símbolo do euro ou a barra invertida cara á esquerda, etc.
- Cortar, copiar e pegar fragmentos de texto ou gráficos.
- Mellorar o uso da navegación en Internet.
- Uso simple do correo electrónico.
- Manipular correctamente dispositivos de almacenamento masivo USB por medio do administrador de arquivos.
- Abrir e gardar arquivos da/na carpeta "Os meus Documentos".

- Crear unha carpeta propia en "Os meus Documentos" e gardar ou abrir alí algún arquivo.
- Manexo simple da cámara dixital do colexio.
- Iniciación no uso do procesador de textos.
- Valoración das TICs. como ferramenta útil de traballo.

16. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Este proceso debe ser periódico e permanente, e permitiranos coñecer a eficacia, grao de aplicación, participación, innovacións que podemos aportar, resultados dos logros acadados, dificultades atopadas, etc. no desenvolvemento do plan das TICs.

Pretendemos realizar actuacións en relación coa avaliación continua e final do plan. En relación co proceso, o grao de implantación e desenvolvemento do plan debe levar parello un seguimento que nos permita comprobar os avances e a adecuación das actuacións iniciadas, así como apreciar as posibles deficiencias na súa posta en práctica. Este seguimento permitirá ter unha visión global de todo o proceso que nos informará do seu desenvolvemento e permitiranos corrixir as posibles deficiencias.

A avaliación final informaranos sobre o grao de cumprimento dos obxectivos e da realización e adecuación das actuacións levadas a cabo.

Realizarase un seguimento e avaliación, ao longo do seu desenvolvemento e o remate de cada curso escolar, do plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación polos coordinadores/as de ciclo e o coordinador/a de TICs., que determinarán aquelas melloras que se cren convenientes para asegurar o éxito do proxecto, para iso ao final de cada curso escolar, será necesario revisar:

- O nivel de consecución dos obxectivos e o cumprimento das actividades planteadas para cada curso escolar.
- Aspectos da organización como as funcións, horarios de ocupación da aula de informática, do coordinador/a, da distribución espacial e temporal dos equipos, arranxos, necesidades, etc.
- O nivel de cumprimento das liñas metodolóxicas plantexadas no plan.
- A relación dos contidos traballados, os recursos empregados para o seu desenvolvemento e as capacidades adquiridas.
- O Plan, realizando as modificacións que se consideren oportunas cara un novo curso escolar.

